



Bases da convocatoria

Que sabes ti do Prestige?

A Confraría de Pescadores do Pindo convoca un concurso para lembrar os feitos sucedidos con motivo do afundimento do petroleiro Prestige e a trágica chegada de fuel á nosa costa.

Os alumnos deberán facer un pequeno traballo de investigación para coñecer o que sucedeu en novembro do ano 2002 e nos meses posteriores, para saber como afectou a Marea Negra ós nosos mariñeiros e mariscadores, e en xeral a todos os veciños, e como en resposta a este desastre acudiron a axudar a limpar as nosas praias miles de voluntarios.

Plasmarán o resultado da súa investigación en forma de narración, relato, conto, poema, debuxo ou cómic.

Poderán participar tódolos alumnos de Primaria do CEIP de Carnota e CEIP de O Pindo.

Condições de participación:

1. Os traballos serán individuais e consistirán nunha narración, relato, conto, poema, debuxo ou cómic cunha extensión máxima de 2 folios, escritos a man e en galego. No traballo deberá figurar o nome do alumno, o colexio ó que pertence, o curso e ciclo e a idade do mesmo.
2. Estes traballos poderán estar realizados en folio, ou cartolina tamaño folio.
3. Os traballos realizaranse con data límite o 14 de decembro de 2012, e serán recollidos no centro escolar por persoal da Confraría do Pindo ó longo do día 17 de decembro de 2012.
4. Establecerase un premio por cada ciclo en cada un dos centros, que consistirá nun agasallo sorpresa, para os que realicen os traballos vencedores.
5. O xurado estará composto por 5 persoas, persoal ou socios da Confraría de Pescadores do Pindo e emitirá o resultado dando a coñecer os premiados o 14 de xaneiro de 2013.